


O meu nome é

1.- Obxectivo

Imos determinar a masa, o volume e a densidade de tres corpos, é dicer, de tres obxectos sólidos que ademais son regulares regulares.

Utilizaremos:

- a) un taco de madeira con forma de prisma recto probablemente de lados iguais (A),
- b) unha esfera metálica (B),
- c) e un cilindro tamén metálico (C).



2.- Determinación das masas.

Para a determinación da masa, faremos uso dunha balanza.

Anota en primeiro lugar a **sensibilidade** da balanza:

Pesa agora cada corpo catro veces. Recorda que mentres realizas a pesada non debes apoiarte na mesa nin exercer qualquer acción que poida desequilibrar a balanza.

É posíbel que a balanza ofrezca sempre o mesmo resultado mais imos realizar catro pesadas e tomaremos como valor máis probabel a media aritmética dos valores medidos.

Para pesar a esfera, usa a función de **tara**.

Obxecto:	Masa (g)			
A				
B				
C				

Tomaremos como **erro absoluto** a sensibilidade da balanza:

Calcula o **erro relativo** para cada obxecto:

3.- Determinación das medidas de cada obxecto.

OBXECTO A

Mediremos o longo, o ancho e o alto usando un calibre ou “pé de rei” .

Anota a súa sensibilidade:

Fai catro medidas de cada dimensión, e tomaremos como valor representativo, o valor da media aritmética.

Completa a seguinte táboa:

Lado	1ª medida (mm)	2ª medida (mm)	3ª medida (mm)	4ª medida (mm)	Valor medio (mm)	Valor medio (cm)
Longo						
Ancho						
Alto						

Tomaremos como **erro absoluto** a apreciación do calibre:

Calcula o **erro relativo**:

OBXECTO B

No caso da esfera, só hai que determinar o diámetro. Farémolo tamén catro veces, tomaremos o valor medio e logo obteremos o raio. Tabulamos os datos:

	1ª medida (mm)	2ª medida (mm)	3ª medida (mm)	4ª medida (mm)	Valor medio (mm)	Valor medio (cm)
Diámetro						

Tomaremos como **erro absoluto** a apreciación do calibre:

Calcula o **erro relativo**:

OBXECTO C

No caso do cilindro, vains interesarse en medir a súa altura e o diámetro da circunferencia da base, do que logo obteremos o raio. Tamén mediremos cada un catro veces e completaremos a seguinte táboa:

	1ª medida (mm)	2ª medida (mm)	3ª medida (mm)	4ª medida (mm)	Valor medio (mm)	Valor medio (cm)
Altura						
Diámetro						

Tomaremos como **erro absoluto** a apreciación do calibre:

Calcula o **erro relativo**:

4.- Determinación do volume dos corpos

Calcula o volume de cada corpo e estima o erro cometido en cada caso:

5.- Determinación da densidade dos catro obxectos:

Agora podes calcular a densidade de cada corpo e estimar o erro cometido en cada caso: